

A nosa aula de Educación Especial do IES de Foz ten como finalidade dar resposta educativa ás necesidades do alumnado da contorna da Mariña dende unha perspectiva de inclusión e atención individualizada. Con isto referímonos a que cada alumno/a recibe un currículo feito a medida as súas características nun entorno no que comparte experiencias educativas co resto do alumnado escolarizado nel.

Esta aula é un espazo de aprendizaxe globalizado, aberto, equitativo e integrador no que buscamos non só unha resposta curricular senón que se propón unha transición á vida adulta, conseguindo, deste xeito, crear unha dobre vertente: vivenciar experiencias comúns e visibilizar a súa realidade.

A existencia desta aula no IES de Foz non é un capricho, o que se pretende é que estes alumno/as sigan formándose nas mesmas condicións que os seus iguais evitando un desarraigo familiar que se viña dando en anos anteriores pola inexistencia desta aula.

Unha imaxe representativa da nosa aula.

